



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*IES de Sar*

R/ Bernardo de V.V. nº 1

15702 Santiago de Compostela

☎ 881-867162 📠 881-867172

E-mail: ies.sar@edu.xunta.es

## **2ª Convocatoria para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería do IES de Sar para o curso escolar 2017-18**

En virtude da Instrución 7/2017, do 30 de maio de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e O.U., a Dirección do IES de Sar de Santiago de Compostela,

### **CONVOCA**

Procedemento de contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería do citado centro.

A directora ten delegada a sinatura do Secretario Xeral Técnico da Consellería no relativo a este procedemento por resolución do 14 de xuño de 2013, segundo o artigo 16 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común

- **Normativa legal: Instrución 7/2017, do 30 de maio de 2017**, pola que se establecen as condicións para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros docentes non universitarios dependentes da Consellería. Curso escolar 2017-18
- O **prazo** para a **presentación** de propostas para a licitación será antes das 14:00 horas dun prazo máximo de 5 días hábiles (descontados sábados e festivos) contados desde o día seguinte á publicación desta convocatoria na páxina web e no taboeiro de anuncios do IES de Sar. A presentación farase, **exclusivamente** na oficina administrativa do centro, en sobre pechado.
- A duración do contrato coincidirá co curso escolar 2017/18 e non pode ser obxecto de prorroga.
- **ESPECIFICACIONES TÉCNICAS:**
  - 1) **Canon:** Según dispón o apartado 4.2, o canon mínimo esixible pola explotación e xestión do servizo de cafetería ascende ao importe de **TRESCENTOS VINTEDOUS CON OITENTA CÉNTIMOS (322,80€)**
  - 2) **Superficie** cafetería: 60m<sup>2</sup>
  - 3) **Horario:** luns, mércores, xoves e venres: de 08:30h a 14:30h o os martes de 08:30h a 14:30h e de 16:30h a 18:30h.

En circunstancias excepcionais, previa comunicación por parte da dirección do centro, poderaselle requerir ao adxudicatario que manteña a cafetería aberta no horario que se lle indique

- INVENTARIO (Anexo IV): O local da cafetería foi renovado o anterior curso 2016/17.
  - +Barra da Cafetería
  - +Termo eléctrico
  - +2 extintores
  - +2 percheros
  - +16 obras artísticas realizadas polos alumnos de Artes do Centro
- PARTICIPACIÓN NOS GASTOS DE CONSUMO: De existir contadores individuais para o recinto da cafetería coa finalidade de medir os consumos de auga e electricidade de dito local á data de inicio de contrato, o adxudicatario pagará en función das lecturas efectuadas sobre ditos aparatos de medida, que lle serán comunicadas pola dirección do centro, tendo o adxudicatario que proceder ao ingreso correspondente á conta que se lle indique nos dez días seguintes á notificación; en caso de non existir contadores, aboará os gastos proporcionalmente segundo o establecido no apartado 9.6 do documento de condicións

A superficie útil da cafetería é de 60m<sup>2</sup>, a superficie do centro é de 5400m<sup>2</sup>, polo que o resultado de aplicar a proporcionalidade para determinar a participación nos gastos de consumo correspondente ao adxudicatario é una cuota de 1,11% nos gastos de calefacción, electricidade e auga e de recollida de refugallos.

- CRITERIOS DE VALORACIÓN. Serán os recollidos no punto 7 da instrucción 7/2017
- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO. Valoradas as ofertas en base aos criterios sinalados requirírase ao licitador que teña presentada a oferta clasificada en primeiro lugar para entregar no prazo que se establezca, a documentación indicada no apartado 7.2 das Condicións e proceder a sinatura do contrato.

Santiago de Compostela, a 17 de outubro de 2017

A Directora  
*P.O. Teresa Ruiz Serrano*  
M<sup>a</sup> Teresa Ruiz Serrano

